

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

Departamento de Vento Metal

A proba de acceso específica suporá o 60 % do total da cualificación da proba de acceso a os estudos superiores de música. O 40% restante corresponderá a media do expediente académico do título profesional de música do aspirante.

Características da proba específica de acceso:

Especialidade de Interpretación (excepto itinerario de Jazz). A proba consistirá:

- **Parte A:** interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obrase/o estudos dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso a estes estudos. Criterios de valoración parte A:

Valoración do programa a interpretar: 20%

Control técnico do instrumento: 20%

Calidade do son: 20%

Expresividade: 20%

Estilo: 20%

Nota importante:

O/a aspirante entregará ao tribunal antes da realización da parte A, unha relación do programa a interpretar incluída a minutaxe de cada obra ou estudo.

O/a aspirante presentará tres copias das obras ou estudos a interpretar.

O tribunal poderá solicitar en calquera momento os orixinais das obras ou estudos.

- **Parte B:** análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal. Criterios de valoración parte B:

Correcta identificación nunha obra ou fragmento do período tonal dos elementos máis básicos dos diferentes parámetros que forman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc

- **Parte C:** lectura a 1ª vista. Criterios de valoración parte C:

Control técnico do instrumento: 25%

Calidade do son: 25%

Expresividade: 25%

Estilo: 25%